



ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE LUGO

Tempo de infancia

no Arquivo Histórico Provincial de Lugo

Decembro de 2019

XUNTA DE GALICIA

Organización:

Xunta de Galicia.

Consellería de Cultura e Turismo

Conseleiro:

Román Rodríguez González

Coordinación:

Arquivo Histórico Provincial de Lugo

M^a Dolores Pereira Oliveira

Textos:

Carla María Cociña Iglesias

M^a Dolores Pereira Oliveira

Selección de fotografías:

Carla M^a Cociña Iglesias

M^a Carmen Álvarez Bringas

Tratamento de imaxes:

Eva M^a García Rivera

Cristina Prieto Ledo

Imaxe da exposición e catálogo:

Xosé Salgado/ Lía Santana

Deseño da exposición

e montaxe expositivo:

ITINERE

D.L.: C 2321-2019



Os arquivos, nomeadamente os de carácter público, son os custodios da memoria dos países, e como tales, conservan unha enorme cantidade de documentos nos que se recolle a pegada dos nosos devanceiros, que pode ser coñecida polas persoas na defensa dos seus dereitos e no recoñecemento das súas obrigas, ademais de formar parte do Patrimonio Histórico e Cultural.

No cumprimento das súas funcións básicas, recollen, conservan e serven os documentos que custodian, de xeito que sirvan ao conxunto da sociedade. Non esquecemos o feito de que os arquivos públicos acollan a memoria das institucións públicas que os produciron, defíneos como centros que gardan fundamentalmente os fondos das institucións do poder.

Estes fondos fan referencia ás actuacións das institucións que afectan á vida das persoas, impactando nelas de xeito diferente segundo os seus intereses e as súas posicións no conxunto da sociedade xa que da acción institucional deriva o tipo de sociedade na que estamos inmersos en cada momento histórico.

Maioritariamente os suxeitos da documentación custodiada nos arquivos públicos son os homes. Para as mulleres, aínda que están tamén presentes nestes fondos, as fontes nas que aparecen son “...difusas, fragmentarias e dispersas...”, en palabras de Olga Gallego. E se as mulleres non están presentes, estarano os nenos e as nenas?

Neste arquivo, en liña coas propostas da arquivística posmoderna, que suxire que as e os arquivistas poñan en valor aqueles documentos que recollen a memoria das minorías, tomamos en consideración o feito de que os nosos nenos e nenas non son visibles nos arquivos. E decidimos poñer en valor as fontes sobre a infancia que conservamos entre os case vinte quilómetros de documentos que custodiamos, e mostrar á vista da cidadanía os resultados.

Poucos son os documentos sobre a rapazada que podemos ofrecer aos usuarios. Nos producidos polas administracións públicas hai algunha información no fondo de Educación: información numérica das mestras e mestres sobre o alumnado das escolas rurais, actas de centros de ensino, actas de Xuntas e Comisións educativas, estatísticas de centros, expedientes de escolarización, algún expediente académico, propostas de expedición de títulos, incluso algún documento elaborado pola man das nenas e os nenos, como nas participacións en algúns certames de debuxo ou de redacción.

Outro é o caso entre os fondos de carácter privado que tamén custodian os arquivos públicos, como por exemplo o arquivo fotográfico de José Luis Vega, o fotógrafo lucense, que a Xunta de Galicia adquiriu en 1992, e que está conformado por máis de 200.000 imaxes. Aproveitando a existencia deste arquivo fotográfico, buscamos e atopamos un importante volume de fotografías nas que se atopan tamén imaxes de nenas e nenos. Como bo cronista gráfico da cidade entre 1941 e 1992, aínda que a maior parte dos negativos compréndense entre 1945 e 1985, Vega non só se ocupou de fotografar a vida dos adultos, os actos institucionais ou os eventos da cidade. Documentou tamén a vida de pequenos e pequenas, tanto no ámbito privado, na casa, ou na escola, como, sobre todo no ámbito público, no foro que é a cidade, unha cidade amable onde nenas e nenos podían xogar e desfrutar do seu tempo libre pola rúa, gozando en grupo, coas amizades e a familia, participando en actos institucionais como procesións ou desfiles, en actividades deportivas e de festa, e tamén, non hai tanto tempo, exercendo como forza de traballo en talleres, no reparto de mercancías ou nas obras.

A posibilidade de facer unha exposición fotográfica sobre este tema vén dada tamén polo carácter singular tanto do traballo de José Luis Vega, fotógrafo de “rúa” na súa primeira etapa laboral ao que engade o seu traballo para o diario “O Progreso” desde 1952 ata mediados dos anos 70, como do seu talante profesional e persoal. Xa dixemos noutras ocasións que ao examinar a obra deste fotógrafo dá a impresión de que todo lle interesaba e que de todo deixaba testemuño, e niso reside a grandeza do seu traballo e do seu legado: José Luis Vega fotografía a Vida e aínda que as súas fotografías carecen en moitas ocasións de calidade técnica, a súa espontaneidade fainas únicas

Presentamos pois á cidadanía unha escolma de 97 fotografías, nas que aparecen nenas e nenos nos máis diversos ámbitos de actividade. Practicamente todas pertencen ao fondo fotográfico de Vega, aínda que hai outras procedencias: algunhas da Sección Feminina, que exerceu tamén a súa acción na promoción de actividades especificamente orientadas ás nenas, como o baile galego, a ximnasia ou os talleres de fabricación de bonecas ou de bordado, ocupacións estas moi propias da mentalidade da época, que tiña ben definidos ámbitos diferenciados de intereses por sexos.

As fotografías seleccionadas están organizadas en sete seccións: “tempo de saúde”, “tempo de familia”, “tempo de aprender”, “tempo de lecer”, “tempo de festa”, “tempo de deporte”, e “tempo de traballo”. A través delas tratamos de reflectir todos os aspectos da vida pública e privada da infancia que é, dalgún xeito a de toda a sociedade. Este período temporal tan amplo permítenos apreciar por unha banda a evolución no espazo temporal que comprende a exposición e por outro a establecer as comparacións pertinentes coa nosa realidade actual. A nosa intención ten unha vertente nostálxica, sérvenos para lembrar momentos da infancia de moitos dos que por idade xa temos poucos recordos dela, e para ilustrar os cambios, e, por que non, para ensinar a outros moitos que non poden lembrala porque xa non a viviron deste xeito, os nosos fillos e netos, como eramos, como nos divertiamos, como traballabamos e estudabamos, en definitiva como viviamos.

Vaia por diante que a busca se centrou en localizar imaxes tanto de nenos como de nenas, de xeito que aparecese unha representación o máis ampla posible de imaxes dos dous sexos. A busca, por si mesma pode dar lugar a nesgos, xa que non se incluíron todas as que hai, senón unha escolma que representase a nenas e a nenos, tentando de equilibrar a representación, polo que somos conscientes de que este esforzo leva implicado unha busca concreta de imaxes de nenas, que aparecen en menos imaxes, pero que se seleccionaron porque as representan a elas; pola contra, hai un elevado número de fotografías de nenos que non foron elixidas.

E, unha vez localizadas as fotografías, que abarcan o período cronolóxico 1942 – 1976, conscientes de ter elixido a maior parte das imaxes de nenas que custodiamos, e de non ter seleccionado moitas de nenos, polo que, no conxunto do fondo sabemos que hai mais imaxes deles que delas, procedemos a analizar a mostra.

As fotografías totais nas que aparecen solo nenas, soas, en grupo ou con persoas adultas, son 21. As que recollen imaxes de nenos sos, en grupo ou en compañía de adultos, son 43. Outras 27 son fotografías de grupos nas que aparecen xuntos nenos e nenas, e hai outras 4 nas que non se pode determinar o sexo, porque son imaxes de bebés.

Polo tanto, podemos dicir que no grupo de interese co que estamos a traballar, nenos e nenas, pouco visible nos documentos custodiados neste arquivo tamén nos fondos fotográficos, nomeadamente no de Vega, as nenas son aínda máis invisibles que os nenos, a pesar de que se buscaron activamente imaxes que as visibilizasen.

Podemos realizar outras análises, por exemplo para determinar se hai diferenzas na representación dun ou doutro sexo ao longo do tempo:

Entre 1942, primeira data da mostra, e 1960, hai 10 fotografías de nenas, 23 de nenos, 8 nas que aparecen nenos e nenas e 3 imaxes de bebés. As das nenas fan referencia a contextos familiares, aparecendo cos seus pais e nais na casa, tamén do traballo que realizan, ben de apoio á economía familiar, descargando piñas coas súas nais, por exemplo, ou no traballo na fábrica, enlatando en Abella, á súa presenza en actividades da Sección Feminina ou na escola (baile, ximnasia...) e á participación en eventos coma as procesións do Corpus. Non aparece ningunha imaxe de nenas practicando deportes ou xogando na rúa ou na contorna da cidade, no río ou no parque.

As dos nenos recollen imaxes de traballo en obras ou talleres (de carpintería, de caldeireiría, de mecánica...), onde se inician na vida adulta e imitan o comportamento dos maiores, aparecendo algún deles

fumando, outras referidas á práctica de deportes, ás actividades e campamentos de grupos como os Boy Scouts ou a OJE (Organización Xuvenil Española), e ao desfrute do tempo libre, no río ou na rúa. As imaxes nas que están xuntos nenos e nenas responden sobre todo ao ámbito familiar: paseos, celebracións na casa, e tamén a participación en actos públicos de carácter relixioso, como a participación na procesión da burriña de Domingo de Ramos, ou a bendición das palmas.

Entre 1960 e 1977, última data da mostra, hai 13 de nenas, 20 de nenos, 20 onde aparecen nenos e nenas, e 1 dun bebé. Aprécianse xa cambios nas actividades: As fotos de nenos e de nenas traballando desaparecen. As nenas incorpóranse á práctica dos deportes: participan en carreiras, xogan ao baloncesto, ao voleibol, están na rúa xogando coas súas bonecas e coas súas bicicletas, aprenden a nadar, etc. Os nenos aínda son maioritarios na rúa e nos xogos. Son eles os que xogan ao ioiío, ás “bolas locas”, á burra, os que cambian cromos e xogan ao pano no adarve da muralla, pero as nenas comezan a aparecer tamén, sobre todo a partir de finais da década de 1960, e nomeadamente ao longo dos anos 70.

E cando están xuntos, nenos e nenas báñanse no río, examínanse nos centros escolares, van ás fogueiras de San Xoán, visten o traxe galego o Domingo das Mozas, vacínanse, participan en exhibicións deportivas conxuntas, van á Biblioteca Pública, disfrazázanse polo Entroido, comparten clase e continúan participando das actividades familiares.

Este cambio nas imaxes sinala un cambio nas mentalidades. As nenas xa empezan a saír do ámbito doméstico e das actividades consideradas tradicionalmente femininas, para iniciarse no mundo do público. É este un camiño que empezaba a asomar na vida da cidade, e que desde entón está en franca expansión, e co que gañamos todos e todas.

Antes do século XX os nenos e nenas eran considerados adultos pequenos que formaban parte da engrenaxe da sociedade e que se educaban para ser adultos e axudar a conservar o grupo social. A actitude moderna cara ás nenas e aos nenos emerxeu a finais do século XIX e é a actitude que desde entón dominou nas

sociedades occidentais. Dentro desta concepción configúranse como suxeitos, como seres reais capaces de percibir o mundo dunha maneira diferente á das persoas adultas, cunhas necesidades propias.

Non se pode pretender que os trazos que caracterizan esta etapa da vida permanezan conxelados no tempo, alleos ás influencias exteriores ou cambios que teñen lugar ao seu ao redor, con todo, como dixo Jorge Manrique, tendemos a pensar que “calquera tempo pasado foi mellor” e temos a sensación de que a nenez “xa non é o que era” guiados polos nosos recordos selectivos, idealizados e nostálxicos

É verdade, a infancia “xa non é o que era”, dito isto nun ton desprovisto de crítica ou desaprobación. De feito, ao longo do século XX e sobre todo, do transcorrido do século XXI, sufriu grandes cambios que reflicten, como é lóxico, os sufridos na nosa propia estrutura social. Vexamos algún destes cambios.

En primeiro lugar a introdución da educación estatal obrigatoria, que tivo dúas consecuencias fundamentais: por unha banda a xeneralización do ensino público (con escolas gratuítas financiadas con impostos, asistencia obrigatoria e profesores formados) eliminou progresivamente os nenos e nenas do mercado de traballo para situalos nas escolas; por outro, os centros escolares convértense na experiencia central das nenas e nenos, en especial entre os seis e os doce anos. A esta idade a rapazada debe saír da súa casa e entrar a un mundo descoñecido, onde aquelas persoas que forman a súa familia e a súa contorna ata ese momento, quedan fóra. Este feito marca o inicio do desenvolvemento deles e delas como persoa na sociedade á que pertence e é a través do colexio, que se lle van a entregar as ferramentas necesarias para desenvolverse no mundo adulto.

Tamén o progreso das ciencias consideradas “do neno” (psicoloxía, pedagogía, pediatría no ámbito individual e socioloxía no social) levou a considerar a etapa da infancia como idónea para a introdución de valores e normas socialmente aceptables e como consecuencia as nenas e os nenos pasaron a ser seres valiosos desde o punto de vista social. Ademais no ámbito legal as organizacións dedicadas a velar polos intereses da infancia experimentaron ao longo do século pasado un constante e persistente avance que culmina coa aprobación en 1989 da Convención dos Dereitos do Neno.

Con todo, os cambios máis influentes viñeron da man de factores demográficos e sociais; dunha parte os avances científicos (control de natalidade, descenso da mortalidade infantil...) e de política social (escolarización, pensións e acceso aos servizos sanitarios de calidade...) viñeron permitir que as mulleres, sen deixar de atender ás tarefas de coidados e do fogar, se incorporasen ao mercado laboral e con iso produciuse un paulatino e acusado descenso do índice de natalidade e da taxa de fecundidade, así como un aumento da idade na que as mulleres teñen fillos. Esta situación viuse complicada nos últimos anos pola crise económica e as súas consecuencias: a precariedade laboral e a dificultade de acceso á vivenda. É dicir, cada vez temos menos fillos e a idade máis tardía e as familias numerosas son cada vez máis raras (mesmo tendo en conta que os requisitos para ser familia numerosa se suavizaron notablemente). Cambiou tamén o concepto de familia, que é o principal referente na vida dun neno ou nena, e o medio onde se establecen as súas relacións primarias e o que marca as secundarias (amigos...), o status social e o conxunto de valores que acaban adoptando. Hoxe o concepto único e tradicional de familia (pai, nai, fillos/as) deu paso a unha ampla diversidade de formas: familias monoparentais, pais divorciados ou separados, irmáns procedentes de distintos pais/nais, parellas homosexuais..., que por suposto teñen unha profunda influencia no mundo infantil.

Tamén os cambios demográficos (aumento da esperanza de vida) e sociais son os responsables de que a rapazada de hoxe poida convivir con dous e mesmo tres xeracións familiares e que establezan unhas relacións afectivas moi especiais cos seus avós e avoas que a miúdo son os encargados dos coidados. Hoxe é habitual ver as avoas e os avós paseando bebés, levando e recollendo aos seus netos e netas do colexio e de todo tipo de actividades, exercendo un papel que outrora era desempeñado case exclusivamente polas nais.

O progresivo crecemento das cidades ofrece a pequenos e pequenas tantas desvantaxes como oportunidades. Ao lado das vantaxes está unha maior dispoñibilidade de servizos e a posibilidade de acceso a eles; do das desvantaxes están riscos derivados das grandes urbes (tráfico, delincuencia potencial...) que restrinxen a súa mobilidade e mesmo impiden a súa presenza nas rúas e prazas nas que outrora xogaban e establecían relacións duradeiras co seu grupo á vez que fixaban a súa pertenza a unha comunidade. Na

actualidade, o xogo libre en espazos abertos é pouco menos que misión imposible e o resultado é que pasan a maioría do seu tempo libre nas casas ou en actividades extraescolares

O progreso socioeconómico, científico e cultural que se deu durante o pasado século permitiu o concepto de infancia como un período de diversión e felicidade onde o xogo é unha actividade de suma importancia para o desenvolvemento afectivo, social e emocional de nenos e nenas, pero é quizais na forma de xogar no que máis se reflectiu o cambio de modelo social. Parece que nos encamiñamos a unha sociedade cada vez máis privatizada e individualista e sobre todo, tecnolóxica. Os xogos tradicionais e populares foron na súa maioría substituídos polo computador, o televisor e os videoxogos e en consecuencia a forma de xogar é hoxe menos colectiva, menos grupal, menos participativa.

Nos novos hábitos de lecer da infancia cada vez téndese máis ao illamento, ao xogo individual e sedentario e a alternativa máis común a ese “lecer en soidade” son os centros comerciais onde teñen cubertas todas as súas necesidades: boleiras, recreativos, establecementos de lambetadas, comida rápida, cinemas... o cal por outra banda contribuíu a reducir a súa práctica de exercicio físico, aínda que hoxe todos sabemos que a práctica regular de actividade física achega, xunto á prevención deste aumento do sobrepeso e a obesidade, “beneficios inmediatos como melloras no crecemento e fortalecemento dos ósos, en destrezas e habilidades físicas, nas capacidades cognitivas como a atención, a memoria e a toma de decisións, e no stress”.

O acceso ás novas tecnoloxías ofrece a nenos en nenas un amplo campo de exploración, pero á vez permite o seu acceso a unha información sen límite, sen filtros, un exceso de “coñecemento” cualitativo e cuantitativo. Neste sentido fálase do concepto de “infancia roubada”, caracterizada por unha cada vez máis acusada precocidade e a asunción de condutas preadolescentes e adolescentes a idades cada vez máis temperás, unha forma acelerada de vivir a infancia e de alcanzar permisos e actitudes non acordes coa súa idade agravada pola xeneralización dun uso inadecuado das redes sociais e teléfono móbil que están a modificar a forma de relacionarse entre iguais.

Por último réstanos dicir que quizais o que máis cambiou nestes anos é a maneira que temos como adultos de percibir a rapazada de tratalos e tamén a forma que teñen elas e eles de relacionarse cos adultos. E iso sen dúbida ten moito que ver cos cambios socioeconómicos e políticos que vivimos nun espazo temporal moi curto. En apenas setenta anos pasamos do nacional catolicismo en todos os ámbitos da vida, sobre todo na educación e na moral á democracia laica, da loita pola subsistencia a unha mellora xeral das condicións de vida, dun modo de vida austero á sociedade do progreso e do consumo, dos nenos e nenas como axuda necesaria ao sostén da familia a seres desde o nacemento case obrigados a realizar todo tipo de aprendizaxes, academicamente sobreexpostos, con moitos dereitos e moi poucos deberes; das familias numerosísimas ao fillo único....

Os tempos cambian. E os arquivos servimos tamén a cidadanía mostrando o proceso do cambio, e como afecta a todos os ámbitos das nosas vidas.



Introdución

As nenas e os nenos non están moi presentes nos arquivos públicos, poucos documentos conservamos que reflictan a súa presenza. Aínda así, presentamos unha escolma de fotografías sobre a rapazada que se custodia no **Arquivo Histórico Provincial de Lugo**, para coñecemento da cidadanía, na que se mostra como e de que xeito participaron as nosas nais e pais na vida da comunidade, e como, co transcorrer do tempo, foron cambiando as maneiras de estar no mundo, pasando das imaxes de nenas e nenos traballando e vivindo por separado a outras nas que xuntos practican deportes, xogan e comparten espazos de ocio e de formación.



Tempo de saúde

A saúde de nenos e nenas é un ben socialmente desexable, que empeza no seo da familia, onde aprendemos a importancia da hixiene persoal: lavarnos, alimentarnos correctamente, manter limpo o noso espazo persoal, etc. E tamén as institucións públicas nos axudan neste senso, por exemplo coa educación física na escola ou atendéndonos no hospital cando é preciso. Actualmente a importancia e o valor das vacinas está de sobra recoñecido, e existen calendarios de vacinación; antigamenterealizábanse campañas de vacinación, a través das que se ía inmunizando a rapazada.

Bebé acabado de
nacer no hospital
cos seus pais
e as enfermeiras
1947
Vega, 1364-33





O baño do bebé

1948

Vega, 1573-4

**Campaña
de vacunación**
1967
Vega, 7359-2





**Neno enfermo no
hospital, co seu pai**
1947
Vega, 1387-2

Nenas e nenos
esperando coas nais
para vacinarse na
Xefatura Provincial
de Sanidade
1972 Vega
10206-6





**Nenos bebendo
leite na escola**
1973
Vega, 10526-15

Nenas en ximnasia
1949
SF, 14-06-49





Nenos e nenas
fan ximnasia ao aire
libre coa enfermeira,
na celebración das
primeiras comunións
dos nenos e nenas
do Auxilio social
1967
Vega, 7588-13

**Neno con
chichoneira**
1947
Vega, 1312-6





**Neno almoçando
na cama**
1944
Vega, 795-22



Tempo de familia

A familia é para nenas e nenos, o refuxio seguro no que medran e inician a súa andaina pola vida. Desfrutar do tempo que pasan con ela, na rúa ou na casa, xogando cos irmáns e irmás, co pai ou coa nai, almorzando, paseando o indo ao parque é unha actividade que practicaron asiduamente elas e eles.

Nai e fillas na
sala da casa
1944
Vega, 795-17





**Nena xogando
co seu pai na cama**
1944
Vega, 795-11

**Familia na
Praza Maior**
1947
Vega, 1363-32





**Neno posando para
o fotógrafo con
dous homes**
1944
Vega, 1500-34

As nais, coas nenas
e os nenos mirando
os parrulos no Parque
1950
Vega, 1907-38





Familia numerosa

1954

Vega, 2618-2

Nenas e nenos
bañándose no
Club Fluvial
1966
Vega, 6988-26





**Familia de loito,
sen nai**
1954
Vega, 812-27

Irmãos e Irmãs
1955
Vega, 2844-18





Aia con bebé

1949

Vega, 1684-7



Tempo de aprender

A Lei de ensino primario de 1945 impón a separación de sexos na escola “por razóns de índole moral e de eficacia pedagóxica”. Este estado de cousas só cambiará coa Lei xeral de educación de 1970 que non obriga a separar por sexos na escola, abrindo as portas á coeducación. Entre estas datas, nenos e nenas estudaban separadamente, con contidos formativos diferentes, e fóra da escola practicaban actividades en común, eles en campamentos e actividades regradas, elas noutras consideradas “máis femininas”, como o baile galego ou os talleres de bonecas.

Grupo de nenos
alumnos dos
maristas
1944
Vega, 713-34





Nenas na escola
1971
Vega, 9418-13

Profesor nunha
aula mixta
1972
Vega, 10422-6





Foto de estudo dun
neno na escola
1953
Vega, 1500-17

Nenas e nenos
nunha gardería
do Auxilio Social
1972
Vega, 10135-14





Alumno do seminario
1947
Vega, 1247-1

Exames no Instituto
Lucus Augusti
1961
Vega, 4893-1





Nena recibe un
premio á lectura
das mans de
Dona Mercedes
Freire, directora
da Biblioteca
e do Arquivo
1967
Vega, 7359-13

**Campaña Mantén
limpo o colexio,
na Anexa**
1966
Vega, 7186-8





Nenas e nenos
premiados no
Certame Catequístico
Diocesano, co bispo
Ona de Echave
1968
Vega, 7999-22

Nenas en talleres da
Sección Feminina
1948
SF, 305-1-J3





Nenas das
Josefinas nunha
representación
de teatro lido
1972
Vega, 10072-7

**Nenas da Compañía
de María bailando,
no festival do colexio
1957**
Vega, 3406-4





Nenas e nenos len
bandas deseñadas
na biblioteca pública
1971
Vega, 9554-11


Nenas con arcos
de flores,
1948
SF, 24-06-49





**Schola Cantorum
do Seminario saíndo
para cantar á Virxe
da Esperanza**
1956
Vega, 3026-10

Rondalla de nenas
e nenos
1973
Vega, 10629-22





**Tuna dos Maristas
polo Cantón**
1972
Vega, 10172-8

Nenos da OJE
no campamento
da Devesa.
1947
Vega, 1395-8





**Nenos Boy Scouts
plantando rosas
na Praza San Domingos,
en tarefas de axuda
comunitaria**

1972
Vega, 10106-2

Nenos da OJE
montan tendas para
acampar na futura
cidade deportiva
1968
Vega, 7808-9





Nenos e nenas dos
Boy Scouts nunha
mesa petitoria
da Cruz Vermella
1972
Vega, 10351-15



Tempo de lecer

No só se aprende na escola, tamén xogar é un dereito para nenos e nenas, e unha fonte inesgotable de coñecemento e socialización. Actualmente, nenas e nenos non xogan nas rúas, pero isto non foi así sempre. Os nenos sobre todo, xogaban na rúa ás bólas, á burra, ao pano, á buxaina, etc. e ocupaban o espazo dunhas cidades máis amables que as actuais. Pouco a pouco, as nenas tamén se foron integrando nos xogos na rúa, xunto con eles, e participando do tempo de lecer, sen regras nin limitacións.

**Nena en bicicleta
pola praza Maior**
1973
Vega, 10450-26





**Nenos do Rosalía
de Castro xogando
na explanada diante
do colexio**

1974

Vega, 10996-4

Nenos fumando
no patio da escola
1967
Vega 7687-6





**Nena bebendo
na fonte**
1976
Vega, 11512-6

Nenos pescando
no río Cabe
Ca 1948
Arribas, 212





**Nenos preparados
para xogar á pelota**
1947
Vega, 1369-38

Nenas e nenos
no parque infantil
do Club Fluvial
1955
Vega, 6988-21





**Nenas e nenos
xogando á roda**
1967
Vega, 7209-23

**Nena xogando coas
bonecas**
1971
Vega, 9733-2





Nenos cambiando
cromos
1968
Vega, 7919-2


Nenos e nenas
xogando á buxaina
no Cantón
1968
Vega, 8103-8





**Nenos xogando
ás bólas**
1967
Vega, 7409-30


As “Bolas locas”
1971
Vega, 9714-14





O "joió"
1969
Vega, 8474-4

Nenos xogando ao
pano na Muralla
1971
Vega, 9869-9





Nenos xogando a
Churra, media manga
e manga enteira
1968
Vega, 7849-9



Tempo de festa

As festas son espazos de representación colectiva no espazo público, e non sempre espazos de participación en igualdade. Mulleres e nenas participaban activamente nas festividades e manifestacións relixiosas como as procesións, bendicións dos ramos, etc. pero menos nas de tipo non relixioso, nas que elas exercían como acolledoras na casa, e eles dominaban o espazo público. Hai que lembrar tamén que algún tipo de festa, como o Entroido, estivo prohibido, e só se puido celebrar a partir de finais dos anos 60.

Nena e neno con
traxes galegos no
domingo das mozas
1972
Vega, 10354-19





Nenos e nenas
disfrazados no
Entroido do colexio,
1976
11405-8

**Nena disfrazada de
Carapuchiña Vermella
polo Entroido no
círculo das Artes**
1972
Vega, 10001-3





Nenos xogando
con regalos de Reis
1972
Vega, 9922-1

Fogueiras de San
Xoán en Montirón
1967
7478-4





**Nena disparando
nunha barraca
do San Froilán**
1966
Vega, 7174-6

José Luis Vega e a
súa neta nas barracas
de San Froilán
1977
Vega, 11725-4





**Primeiras comunhões
de nenos e nenas**
1950
Vega, 1881-12

Nenas nunha carroza
1960
Vega, 4512-22





**Procesión dos
nenos e nenas que
acompañan a Burrica
o Domingo de Ramos
na Paza Maior**
1947
Vega, 5891-23

Vendo a procesión
da Burrica despois de
bendicir as palmas,
o Domingo de Ramos
1964
Vega, 5891-21





**Nenas na procesión
do Corpus**
1948
Vega, 1530-4



Tempo de deporte

